

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

ANUNCIO do 13 de xuño de 2017 polo que se fai pública a resolución pola que se aproba o expediente de información pública e definitivamente o proxecto de construción dun Itinerario peonil e ciclista na PO-325-Navia (punto quilométrico 0+000 - 1+700), de clave PO/16/056.06.

Con data do 12 de xuño de 2017, a Dirección da Axencia Galega de Infraestruturas, por delegación da conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Orde do 4 de febreiro de 2013, *Diario Oficial de Galicia* do 20 de febreiro), visto o informe da análise das alegacións, resolveu o seguinte:

«Antecedentes de feito:

Primeiro. Con data do 5 de abril de 2017 aprobouse provisionalmente, por resolución da Dirección da Axencia Galega de Infraestruturas, o proxecto de construción Itinerario peonil e ciclista na PO-325-Navia (p.q. 0+000 - 1+700), de clave PO/16/056.06.

Segundo. Con data do 20 de abril de 2017 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* número 76 o Anuncio do 6 de abril de 2017 polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de construción Itinerario peonil e ciclista na PO-325-Navia (p.q. 0+000 - 1+700), de clave PO/16/056.06, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referido.

Terceiro. Durante todo o trámite de información pública presentáronse informes e certificados que foron remitidos á dirección do estudo para a súa valoración.

Fundamentos de dereito:

Primeiro. De acordo co establecido no artigo 21 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o mencionado proxecto de construción someteuse ao trámite de información pública, durante un período de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

Segundo. Simultaneamente ao trámite sinalado no parágrafo anterior, e para os efectos previstos no artigo 56.1 do Regulamento de expropiación forzosa, someteuse a infor-



mación pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización da obra correspondente.

De acordo con todo o exposto,

RESOLVO:

Primeiro. Aprobar o expediente de información pública e definitivamente o proxecto de construción Itinerario peonil e ciclista na PO-325-Navia (p.q. 0+000 - 1+700), de clave PO/16/056.06, mantendo o trazado proposto como definitivo.

Modificarase o proxecto de construción para ter en conta as observacións e modificacións solicitadas, relativas á relación de bens e dereitos afectados, así como a reposición dos servizos que se viren afectados polas obras.

Segundo. Consonte establece o artigo 23 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o Concello de Vigo deberá adaptar o seu planeamento urbanístico ao contido no proxecto, no cal se establecerán as determinacións do planeamento urbanístico que deben ser modificadas como consecuencia da súa aprobación, no prazo que determine este último e, en todo caso, na súa primeira modificación ou revisión.

Terceiro. Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido nos artigos 10, 14 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, ou ben recurso potestativo de reposición ante a conselleira de Infraestruturas e Vivenda no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación da presente resolución no DOG, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas».

O que se fai público para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2017

Francisco Menéndez Iglesias
Director da Axencia Galega de Infraestruturas

CVE-DOG: mai5kq26-da71-rfe2-rwz2-xjfp8vvobei9

